



Concello de
OURENSE

20/22.- ACTA ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 06 DE MAIO DE 2022

Na cidade de Ourense, o seis de maio de 2022, sendo as oito horas e quince minutos (08h:15'), reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: **D. Gonzalo Pérez Jácome**. Srs/as. Concelleiros/as: **D. Antonio Fernández Martín, don Jorge Pumar Tesouro, dona Ana María Fernández Morenza, dona Flora Moure Iglesias e don Armando Ojea Bouzo**, que actúa como Concelleiro-Secretario da Xunta -asisten como invitados: A Oficial maior, dona Silvia Alonso Fernández; o Interventor municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez, o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez e a letrada municipal, dona Gemma Tamargo Suárez;- ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

APROBACIÓN ACTA

1.- Aprobouse por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 28 de abril de 2022. Tamén **se aprobou** por unanimidade dos concelleiros que participan na votación (5 votos a favor) e a abstención da concelleira dona Flora Moure Iglesias, a acta extraordinaria da Xunta de Goberno Local de 02 de maio de 2022, que a fundamenta por non asistir a devandita sesión.

AVOGACÍA CONSISTORIAL

2.- Sentenza núm. 340/22 ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da A Coruña, no recurso de apelación núm. 231/2021, promovido por D. José Antonio Pérez Domínguez. Expte. 20220176654

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer e non recorrer a sentenza núm. 340/22 de 27 de abril de 2022, ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da A Coruña, no recurso de apelación núm. 231/2021, promovido por D. José Antonio Pérez Domínguez.

2º.- No suposto de que se interpoña recurso de Casación pola outra parte, comparecer nas actuacións que se sigan diante da Sala Contenciosa-Administrativo do Tribunal Supremo o ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

3º.- Darlle traslado da sentenza ao Servizo de Recursos Humanos para o seu coñecemento e efectos oportunos.





3.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 75/2021, promovido por D^a M^a del Pilar, D^a M^a Dolores e D^a Marina Castro Cruz. Expte. 2021020744

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1^º.- **Coñecer** a sentenza de 19 de abril de 2022, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 75/2021, promovido por dona Marina Castro Cruz, dona M^a del Pilar Castro Cruz e dona M^a Dolores Castro Cruz.

2^º.- **Darlle** traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4.- Sentenza núm. 68/22 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 152/2019, promovido por D. Nemesio Gómez Mangana. Expte. 2022017669

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1^º.- **Coñecer e non recorrer** a sentenza núm. 68/22 de 22 de abril de 2022, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 152/2019, promovido por D. Nemesio Gómez Mangana.

2^º.- **Darlle** traslado da sentenza ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

5.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 216/2021, promovido polos Herdeiros de Manuel Viso e Carmen Rubin. Expte. 2021039059

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1^º.- **Coñecer** a sentenza de 21 de abril de 2022, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 216/2021, promovido polos Herdeiros de Manuel Viso e Carmen Rubin.

2^º.- **Darlle** traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

6.- Sentenza núm. 79/2022 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 218/2021, promovido por D. David Prol Novoa. Expte. 2021038735

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1^º.- **Coñecer** a sentenza núm. 79/22 de 20 de abril de 2022, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 218/2021, promovido por D. David Prol Novoa.





2º.- **Darlle** traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

7.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento ordinario núm. 20/22, interposto por PARKING PASEO SA contra o acordo do Pleno do Tribunal Económico-Administrativo de 16 de decembro de 2012. Expte. 2022005770.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento ordinario núm. 20/22, interposto por PARKING PASEO SA contra o acordo do Pleno do Tribunal Económico-Administrativo de 16 de decembro de 2012, desestimando a reclamación económica-administrativa interposta contra a Resolución do Xefe do Órgano de Xestión Tributaria do 24 de marzo de 2021, pola que estima parcialmente o recurso de reposición fronte á Resolución do Xefe do Órgano de Xestión Tributaria do 30 de setembro de 2020, ditada no procedemento de devolución de ingresos indebidos polo imposto de Bens Inmóveis correspondentes ós exercicios 2013 a 2016, consecuencia do procedemento de subsanación de discrepancias. (58.896,77 euros). Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA

LICENZAS

8.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS, rúa Zurbarán, 25 .- Llicenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución para instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na rúa Zurbarán número 25.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder á “Comunidade de Propietarios C/ Zurbarán Nº 25”, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución para instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na rúa Zurbarán número 25, en solo urbano consolidado, segundo proxecto redactado pola arquitecta dona Laura Barja Regueira, quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección técnica da execución das mesmas e a coordinación en materia de seguridade e saúde o arquitecto técnico don Roberto Salgado Blanco, cun orzamento de execución material de 51.260,50 euros.

2.- Requirit ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

Os presentes acordos tómanse en base ó informe técnico do Arquitecto Municipal de data 1 de abril 2022 e ó informe xurídico de data 27 de abril do 2022, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde





o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condições Xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2. - Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3. - O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere axeitado co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4. - Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.





Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cúmprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

9.- Orprim, S.L. proxecto execución de edificio sito na rúa Río Mao, 17-19. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2022012304

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Rectificar de oficio o acordo número 13 da Xunta de Goberno Local de data 28 de abril do 2022, no único senso de trocar a localización do edificio e o número de licenza do proxecto básico, debendo constar o acordo da seguinte maneira:

Aprobar a instancia de "ORPRIM, S.L.", representada por don Carlos David Rodríguez Díz, o proxecto de execución de construción de edificio de vivendas sito na rúa Río Mao números 17-19, composto de dúas plantas de soto para garaxe-aparcamento, rochos e elementos comúns; planta baixa para dous portais, local comercial e elementos comúns; catro plantas para seis vivendas por planta, tres por portal, e elementos comúns; e planta baixo cuberta para trasteiros e para elementos comúns; cun total de vinte e catro vivendas en solo urbano. Consonte o proxecto redactado pola arquitecta dona Laura Barja Regueira, quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección técnica da execución das mesmas os arquitectos técnicos don Pablo Fernández Añel e don Luis Camilo de Anta Rodríguez, e asumindo a coordinación en materia de seguridade e saúde o enxeñeiro técnico industrial don Javier de Anta Lorenzo, sen variación do orzamento de execución material coa licenza de obra 7/22. Construción que autorizouse pola licenza de obra número 7/22."

O resto do acordo permanecerá igual.

O presente acordo tómase en base ó informe xurídico de data 29 de abril do 2022, que forman parte desta resolución, o cal trasladarase ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.





10.- Xunta de Galicia, proxecto básico e de execución para rehabilitación integral do C.E.I.P. Mariñamansa sita na rúa Ramón Abellas, 4. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021045539.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder á Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución para rehabilitación integral do C.E.I.P. Mariñamansa, sito na rúa Ramón Abellas número 4, segundo proxecto redactado polo arquitecto don Juan Carlos Mangana Losada, quen asume a dirección da obra coa arquitecta dona María Cecilia Rojo Ramírez, asumindo a dirección de execución material da obra o arquitecto técnico don José Santiago Pereira Loureiro, asumindo a dirección da coordinación en materia de seguridade e saúde o arquitecto técnico don Joaquín Padrón Conde, e cun orzamento de execución material de 598.497,44 Euros.

2.- Requerir ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, no cal constará Certificado do Custo Final da obra.

O presente acordo tómase en base ós informes técnicos do Arquitecto Municipal de data 22 de abril do 2022 e ó informe xurídico de data 27 de abril do 2022, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións Xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.





3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere axeitado co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo sse substituír por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cúmprese coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

DISCIPLINA

11.- Expediente de Disciplina Urbanística 2021039026, polo mal estado do inmovible sito no Camiño Portalón do Casar n.º 1.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Impor unha multa coercitiva de MIL EUROS (1.000 €) a dona Felicitas Santás Campos, co DNI ***3823**, por non dar debido cumprimento o apartado segundo do acordo número 16 da Xunta de Goberno Local de data 18 de febreiro do 2022, polo que se acordou a demolición no prazo de dous meses do inmovible sito na rúa Portalón do Casar número 1, coa referencia catastral 3971022NG9837S0001JA; demolición que debíase executar pola propiedade do inmovible. O antedito de conformidade co previsto nos artigos 141 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e cos artigos 345 e 336 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.





2.- Requirir NOVAMENTE a dona Felicitas Santás Campos, como propietaria do inmovible sito na rúa Portalón do Casar número 1, coa referencia catastral 3971022NG9837S0001JA, que proceda á demolición do inmovible de conformidade co acordado no apartado segundo do acordo número 16 da Xunta de Goberno Local de data 18 de febreiro do 2022, segundo o establecido nos artigos 345 e concordantes do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Advertir a propiedade que, en caso de incorrer en desobediencia, procederase a súa execución subsidiaria por parte deste concello ou a súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de ata 10.000 euros reiterables trimestralmente ata lograla execución das medidas excepcionais de seguridade, dacordo co previsto nos artigos 141 dá Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e cos artigos 345.2 e 336 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Dar traslado aos interesados do informe da Inspección Municipal de Obras de data 28 de abril do 2022 e do informe xurídico de data 29 de abril do 2022, que forman parte integrante destes acordos aos efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra o apartado primeiro deste acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

SERVIZO DE PLANEAMENTO, XESTIÓN URBANÍSTICA E PATRIMONIO

PATRIMONIO

12.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos materiais causados no valo de protección da Ponte do Milenio. Expediente núm. 2017031773.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Arquivar o expediente para obter o resarcimento dos danos causados por Victorino Díaz González no valo de protección da Ponte do Milenio o día 6 de maio de 2017, por estar prescrito o prazo para o seu exercicio e.

2.- Notificar este acordo aos interesados xunto co informe xurídico de data 26 de abril de 2022 aos efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de





conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

13.- Acordar, se procede, a prórroga do contrato do servizo de limpeza de centros educativos públicos de educación infantil e primaria (CEIP) do Concello de Ourense. LOTE 2 (Expte. 2022004542)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Acordar a prórroga do contrato do servizo de limpeza de centros educativos públicos de educación infantil e primaria (CEIP) do Concello de Ourense. LOTE 2 (expediente núm. 2018031562), adxudicado a ITMA SL, titular do NIF B33349978, na data 30/07/2020, nas seguintes condicións:

- Prazo da prórroga: 1 ano (dende o 1 de setembro de 2022 ata o 31 de agosto de 2023 inclusive).
- Prezo do contrato para o período de prórroga:

Prezo base	IVE	Total
12,50 €/hora	2,63 €	15,13 €

2.- Aprobar e dispoñer o gasto, por importe de 125.870,25 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias e a distribución por anualidades seguintes:

Ano	Horas semanais	Horas mes xullo	Nº horas totais	Custe total con IVE	RC/RC fut	Aplicación orzamentaria
2022	210		3360	50.820,00 €	202200010065	200 3230 22700
2023	210	132	4962	75.050,25 €	202200010066	200 3230 22700

De conformidade co disposto no artigo 174.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a autorización do gasto para os exercicios futuros se subordinará á existencia de crédito adecuado e suficiente que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos municipais.

Réxime de recurso: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.





Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

14.- Acordar, se procede, a prórroga do contrato do servizo de limpeza de centros educativos públicos de educación infantil e primaria (CEIP) do Concello de Ourense. LOTE 5 (Expte. 2022004579)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Acordar a prórroga do contrato do servizo de limpeza de centros educativos públicos de educación infantil e primaria (CEIP) do Concello de Ourense. LOTE 5 (expediente núm. 2018031562), adxudicado a ITMA SL, titular do NIF B33349978, na data 30/07/2020, nas seguintes condicións:

- Prazo da prórroga: 1 ano (dende o 1 de setembro de 2022 ata o 31 de agosto de 2023 inclusive).
- Prezo do contrato para o período de prórroga:

Prezo base	IVE	Total
18,00 €/hora	3,78 €	21,78 €

2.- Aprobar e dispoñer o gasto, por importe de 101.930,40 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias e a distribución por anualidades seguintes:

Ano	Horas semanais	Horas mes xullo	Nº horas totais	Custe total con IVE	RC/RC fut	Aplicación orzamentaria
2022	120		1920	41.817,60 €	202200010084	200 3230 22700
2023	120		2760	60.112,80 €	202200009257	200 3230 22700

De conformidade co disposto no artigo 174.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a autorización do gasto para os exercicios futuros se subordinará á existencia de crédito adecuado e suficiente que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos municipais.

Réxime de recurso: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

ARTES E FESTEXOS





15.- Bases e convocatoria de subvencións en especie da Concellería de Cultura do Concello de Ourense para adquisición de libros con destino a nenos e nenas empadroados no Concello de Ourense para o ano 2022. (Exp. Núm. 2022009709)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Aprobar as bases e convocatoria para a concesión de subvencións en especie para adquisición de libros con destino a nenos e nenas empadroados no Concello de Ourense.

2.- Aprobar o gasto por importe de 210.000 euros con cargo á partida 180 3340 22001 "Adquisicións de libros Concellería de Cultura", dos orzamentos do Concello de Ourense para o exercicio en curso (RC 202200011813).

3.- Ordenar a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia para o seu xeral coñecemento e efectos.

4.- Ordenar a publicación do extracto da Convocatoria na Base de datos nacional de subvencións para o seu xeral coñecemento e efectos.

MEDIO AMBIENTE

16.- Proceso de adjudicación dos hortos municipais no Parque Botánico de Montealegre e en Mariñamansa. Exp. 2021009195.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Aprobar as bases para regular o procedemento para o outorgamento das autorizacións de uso dos hortos municipais NO PARQUE BOTÁNICO DE MONTEALEGRE E EN MARIÑAMANSA, que se atopan incorporadas ao presente expediente (o número 2021009195 do Servizo de Medio Ambiente).

2.- Na súa consecuencia, abrir un prazo de vinte días naturais a contar dende o o seguinte ó da data de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia, no Tablón de Edictos ou na web municipal, para a presentación de solicitudes. Se as ditas publicacións non se efectúan no mesmo día, os vinte días computaranse desde a última publicación realizada.

3.- Este acordo adóptase en base ó informe do Servizo de Medio Ambiente de data 31/03/2022 e o informe xurídico da data da sinatura electrónica, que forman parte integrante desta resolución, aos debidos efectos de motivación.

17.- Darse por enterada da información do Sr. Alcalde e Concelleiros de Área con Delegación, sobre resolucións adoptadas ata a data:

- Dáse conta dos decretos de Alcaldía núms. 2022003955 de data 27.04.2022 e 2022004122 de data 03.05.2022, de delegación de competencias da Alcaldía das distintas Áreas de Goberno en concelleiros/as e, de delegación temporal de funcións da Alcaldía no concelleiro don Antonio Fernández Martín, respectivamente.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA





Á vista do informe xustificativo que forma parte do expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor) acorda a inclusión na orde do día da sesión do seguinte asunto:

SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA

DISCIPLINA

18.- Aprobación novo orzamento actualizado segundo o índice de prezos. Execución de sentenza. Reposición da legalidade urbanística. Avda de Pontevedra nº 13.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Aprobar a modificación do proxecto básico e de execución de demolición parcial e de legalización do edificio de vivendas sito na Avda. de Pontevedra nº 13 de Ourense, redactado polos arquitectos municipais Elsa E. Borbujo Marín e Gerardo Cid Guede, e aprobado polo acordo de Xunta de Goberno Local de data 24 de xaneiro de 2019, no relativo ao orzamento do mesmo que, segundo o recollido no informe da arquitecta autora do proxecto de data 15 de decembro de 2021, se incrementa en 97.851,93 €, dende os 445.692,82 € aos 543.544,75 € (+ 21,96 %), tendo en conta a actualización de prezos.

2.- Aprobar un incremento de 97.851,93 € nas liquidacións aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de decembro de 2020 en función da cota de propiedade que corresponde a cada un dos propietarios dos inmobles ubicados no edificio sito na Avenida de Pontevedra nº 13 segundo os datos que figuran na sede do Catastro son as seguintes:

- José Moreiras Pérez y tres más S.C. NIF: J-32241473:
 - Baixo: cota de participación 10 %. Liquidación: 9.785,19 €.
 - - Entrechan: cota de participación 4%. Liquidación: 3.914,08 €.
 - - 2º A: cota de participación 7%. Liquidación: 6.849,64 €.
 - - 6º B: cota de participación 7%. Liquidación: 6.849,64 €.
 - - 7º A: cota de participación 3%. Liquidación: 2.935,56 €.
 - - 7º B: cota de participación 3%. Liquidación: 2.935,56 €.

- Menciñeiro S.L.:
 - 1º A: cota de participación 6%. Liquidación: 5.871,12 €.
 - - 3º B: cota de participación 7%. Liquidación: 6.849,64 €.
- Reza Arquitectura, Ingeniería y Urbanismo S.L. NIF: B-32271355. 1º B: cota de participación 4%. Liquidación: 3.914,08 €.
- Álvarez Pereira Cesáreo e outros titulares NIF: ***27.11**. 2º B: cota de participación 7%. Liquidación: 6.849,64 €.
- Mosquera Vilachá Manuel e outros titulares NIF: ***87.05**. 3º A: cota de participación 7%. Liquidación: 6.849,64 €.
- Gómez Fernández Francisco Javier e outros titulares. NIF: ***28.56**. 4º A: cota de participación 7%. Liquidación: 6.849,64 €.
- Sánchez Izquierdo Alfonso e outros titulares. NIF: ***83.40**. 4º B: cota de participación 7%. Liquidación: 6.849,64 €.
- Docampo S.A. NIF: A-32104929.
 - - 5º A: cota de participación 7%. Liquidación: 6.849,64 €.
 - - 5º B: cota de participación 7%. Liquidación: 6.849,64 €.
- Reza Pérez José Miguel e outros titulares NIF: ***76.85**. 6º A: cota de participación 7%. Liquidación: 6.849,64 €.

3.- Dar traslado ao servizo de Facenda do Concello de Ourense do seguinte acordo aos efectos oportunos.





4.- Asumir o informe xurídico de data 4 de maio de 2022 como parte integrante da presente resolución e dar traslado do mesmo aos interesados a efectos de motivación.

RÉXIME DE RECURSOS

Contra o primeiro punto do presente acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Contra o resto de puntos deste acordo non cabe a interposición de recurso toda vez que se trata de actos de trámite con arreglo ao disposto no artigo 112.1 da Lei 39/2015, que non é incardinable na categoría de actos de trámite cualificados ou impugnables, pois aquel non decide directa ou indirectamente o fondo do asunto, non determina a imposibilidade de continuar o procedemento, e tampouco produce indefensión nin prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Excmo. Sr Alcalde-Presidente, levantou a sesión ás oito horas trinta e cinco minutos (08h:35'), do que como Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local dou fe.

